

## Instrucións de acceso ás Ensinanzas Deportivas 2023/2024

Publicouse a [RESOLUCIÓN do 4 de abril de 2023](#) pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2023/24.



### REQUISITOS DE ACCESO:

#### GRAO MEDIO:

a) Título de graduado en ESO na opción de ensinanzas académicas ou na de ensinanzas aplicadas, ou equivalente e superar unha **proba específica** ou **acreditar un mérito deportivo**, experiencia profesional ou deportiva, ou as tres condicións de forma conxunta.

Para o acceso ao ciclo final ou segundo nivel de grao medio, ter superado os estudos do ciclo inicial ou primeiro nivel na correspondente modalidade ou especialidade deportiva, e poderase requirir a superación dunha proba de carácter específico ou acreditar un mérito deportivo.

b) Sen título de ESO e con 17 anos cumpridos no ano natural de celebración da proba, superar a **proba substitutiva do requisito de titulación**, ademais dos outros requisitos específicos.

c) A proba substitutiva do requisito de titulación poderase substituír por:

1º. Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional.

2º. Parte común da proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

3º. Proba substitutiva do requisito de titulación de acceso aos ciclos formativos de grao medio de artes plásticas e deseño.

4º. Proba substitutiva do requisito de titulación de acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño.

5º. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

6º. Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas artísticas superiores.

#### GRAO SUPERIOR:

a) Co título de técnico deportivo na modalidade ou especialidade deportiva correspondente,

pódese requerir unha **proba específica**, acreditar un mérito deportivo, experiencia deportiva na especialidade, ou as tres condicións de forma conxunta que se poidan establecer na especialidade ou modalidade correspondente, e ter, cando menos, algún dos seguintes títulos para efectos académicos: Bacharelato, Técnico superior, Título universitario.

b) Sen título académico, e con 19 anos cumpridos no ano natural, superar unha **proba substitutiva do requisito de titulación**, ter o título de técnico deportivo da modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

c) A proba substitutiva do requisito de titulación poderase substituír por:

1º. Parte común da proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

2º. Proba substitutiva do requisito de titulación de acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño.

3º. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

4º. Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas artísticas superiores.

### **ACCESO PARA PERSOAS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE:**

As persoas con discapacidade poderán requirir a adaptación que corresponda para a realización das probas de acceso ás devanditas ensinanzas.

Para tal efecto, farano constar na epígrafe correspondente na solicitude de inscrición e deberán presentar, xunto coa súa inscrición no procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas deportivas, a documentación que acredite oficialmente a súa discapacidade e unha solicitude de adaptación dos medios e das condicións de realización da proba de acceso da modalidade deportiva que corresponda cunha antelación de 10 días á data da realización das probas.

### **EXENCIÓN DA REALIZACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO:**

As persoas solicitantes que aleguen mérito deportivo, substitutivo da realización da proba específica, no caso da modalidade de baloncesto, así como aquelas persoas que soliciten a exención da realización da proba específica noutras modalidades, farano constar na epígrafe correspondente na solicitude de inscrición e presentarán, xunto con esa solicitude, os documentos acreditativos establecidos nela da correspondente modalidade ou especialidade deportiva, tendo en conta os requisitos e o período de validez da devandita condición establecidos na normativa en vigor.

A valoración dos méritos e a resolución sobre a substitución da proba específica ou exención correspóndelle ao tribunal avaliador.

As condicións da exención pódense consultar neste enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/36604>

O procedemento de solicitude de exención require a inscrición correspondente nas probas de carácter específico obxecto desta convocatoria, así como o pagamento dos prezos públicos correspondentes.

### **INSCRICIÓN NAS PROBAS:**

- Proba substitutiva do título de ESO: **do 21 de abril ó 28 de xuño de 2023.**
- Proba substitutiva do título de Bacharelato: **Do 21 de abril ó 22 de maio de 2023.**

As persoas que, estando matriculadas en 4º ESO, estean pendentes do procedemento de revisión no centro, ou de resolución da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a respecto de reclamación das cualificacións do curso 2021/22, deberán presentar igualmente a solicitude de inscrición no prazo establecido. De permitir o resultado da reclamación a obtención do título de educación secundaria obrigatoria, estas persoas serán avaliadas da proba de carácter específico realizada.

A inscrición para realizar as probas farase na secretaría dos centros públicos vinculados a cada modalidade deportiva, indicados no [anexo IV da resolución](#), necesariamente naquelas nas que se van celebrar as probas.

Na modalidade deportiva de fútbol, deberá presentarse necesariamente na secretaría do centro elixido para realizar a proba específica.

#### **CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

- PROBA SUBSTITUTIVA DO REQUISITO DE TITULACIÓN DE ESO: O 6 de xullo de 2023, de 11'30 a 18 horas, no IES San Clemente en Santiago de Compostela.
- PROBA SUBSTITUTIVA DO REQUISITO DE TITULACIÓN DE BACHARELATO: O 30 de maio de 2023, de 11'30 a 19'30 horas, no IES San Clemente en Santiago de Compostela.
- PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO DE GRAO MEDIO: Ó longo do mes de xullo, ver as datas na [resolución](#). Non se convocan probas de acceso de grao superior de carácter específico para ningunha modalidade deportiva.

#### **PRAZO DE MATRÍCULA NAS ENSIANZAS DEPORTIVAS:**

O prazo de matrícula das persoas aspirantes que superen o citado proceso de admisión a cada unha das ensinanzas deportivas abranguerá desde a data da publicación das cualificacións definitivas ata o 28 de xullo de 2023.

#### **CENTROS PARA REALIZAR A INSCRICIÓN NAS PROBAS:**

#### **CONSULTA ESTES ENLACES PARA INFORMARTE MELLOR:**

- [Enlace coa resolución da convocatoria \(Resolución do 4 de abril de 2023\)](#): onde se publican as datas e horarios das probas, datas de matrícula nas ensinanzas, requisitos de acceso, contidos das probas,...
- [Instrucións das probas substitutivas do requisito de titulación e das probas específicas.](#)
- [Máis sobre ensinanzas deportivas na web da Consellería.](#)